

PREGO DE CONDICIÓNNS QUE REXERAN NA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 10 AUXILIARES DA POLICÍA LOCAL
--

Obxecto da convocatoria: E obxecto da presente convocatoria proceder á preselección de 10 auxiliares de policía local, a través do sistema de oposición.

O Concello preseleccionará un máximo de 10 persoas para estes postos de traballo, pero só subscribirá o número de contratos para os que conte con crédito orzamentario, polo que o feito de resultar preseleccionado non conferirá dereito a ser contratado polo concello.

Duración do contrato: a duración do contrato será de catro meses.

Remuneración: a remuneración para percibir polos contratados será a prevista no presuposto vixente do Concello, de 951.69 € brutos mensuais, por todos os conceptos incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.

Condicións dos aspirantes: para tomar parte no proceso de preselección, os aspirantes terán que reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter mais de 18 anos e non ter cumpridos os 58 anos de idade.
- b) Posuír a titulación exixible para o acceso os funcionarios do grupo C2. (ESO, GRADUADO ESCOLAR OU EQUIVALENTE).
- c) Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial. Será aplicable, non obstante, o beneficio de rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o/a aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.
- d) Ter superado un curso de formación de auxiliar de policía local, que se imparte na Academia Galega de Seguridade. Este curso ten unha validez de 4 anos e impártese na academia na segunda quincena do mes de maio.
- e) Estatura: mínimo: 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.
- f) Contar co permiso de conducir B.

Instancias e admisión: as instancias que solicitan tomar parte na presente convocatoria presentaranse no Rexistro xeral do Concello, dentro do prazo de cinco días hábiles seguintes ao da publicación do correspondente anuncio nun diario de máxima difusión e no taboleiro de anuncios e dirixiranse ao presidente da corporación.

Os/as aspirantes manifestarán neste momento que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na base 2.^a e que se comprometen, de ser o caso, a realizar o curso para auxiliares da policía local na Academia Galega de Seguridade.

Fase de oposición:

A puntuación total de cada aspirante será a que resulte da suma obtida en todos os apartados.

- a) Probas físicas, que medirán a capacidade física dos aspirantes para as funcións que teñen que desempeñar. Cualificaranse con apto/non apto.
- b) Cuestionario de preguntas tipo test, sobre un temario, que se cualificará de cero a dez puntos.
- c) Coñecemento do termo municipal e da toponimia local, que se cualificará de cero a tres puntos.
- d) Coñecemento da lingua galega.

COMPROBACIÓN DA ESTATURA

Ao comezo realizarase o control da estatura dos/as aspirantes. Os mínimos son os que rexen para o ingreso nos corpos de policía local: 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.

PROBAS FÍSICAS

As probas físicas cualificaranse de apto/non apto. Para obter a cualificación de apto os aspirantes deberán acadar as marcas mínimas ou non superar as máximas que se establecen para cada proba.

Potencia tren inferior: salto vertical.

Realizarase nun ximnasio ou lugar semellante con chan horizontal e cunha parede vertical e lisa.

O/a aspirante colocarse en posición de partida, en pé, de lado xunto a unha parede vertical, cun brazo totalmente estendido cara a arriba e sen levantar os calcañares do

chan, e marcará coas dedas a altura que alcanza nesa posición. O exercicio executarase, separándose 20 centímetros da parede e saltando tan alto como poida, marcando novamente coas dedas o nivel alcanzado.

Para a correcta realización da proba deberánse observar as seguintes regras:

-Pódense mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonllos, pero non se pode separar do chan ningunha parte dos pés antes de saltar.

-Hai que realizar o salto cos dous pés ao mesmo tempo.

-Permítense dous intentos, só aos aspirantes que fagan nulo no primeiro.

A distancia entre a marca feita desde a posición de partida e a acadada co salto deberá ser igual ou superior á mínima (en centímetros) establecida no seguinte cadro para cada sexo e grupo de idade.

	18 – 36 ANOS	37 – 48 ANOS	49 O MAIS ANOS
HOMES	41 CM	33 CM	29 CM
MULLERES	32 CM	28 CM	25 CM

Resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chaira de terreo. O/a aspirante colocarse na pista no lugar indicado.

A posición de saída realizarase en pé. Só se permite un intento. O/a aspirante que abandone a carreira quedará excluído/a. A proba consistirá en correr a distancia de 1.000 metros no tempo máximo (en minutos) que se recolle na seguinte táboa para cada sexo e grupo de idade:

	18 – 36 ANOS	37 – 45 ANOS	46 OU MÁIS ANOS
HOMES	4,30 ´	5,00 ´	5,15´
MULLERES	5,00´	5,30´	5,45´

POBRA DE COÑECEMENTOS

A proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes deberá amosar o dominio dos contidos do temario que se inclúe no anexo.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal.

Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización.

A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a. A cualificación farase atendendo á seguinte fórmula: $N = (A - F / 3) / 5$. Sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas; F= preguntas erradas ou non respondidas.

Proba específica sobre coñecemento do termo municipal e da toponimia local.

O órgano de selección someterá os/as aspirantes a unha proba para determinar o seu nivel de coñecemento sobre as características propias do concello e a toponimia local. Cualificarase de cero a tres puntos, será necesario acadar como mínimo unha puntuación de un con cinco puntos para superala.

Coñecemento da lingua galega.

O tribunal valorará o nivel de coñecemento da lingua galega dos/as aspirantes, mediante unha proba que se cualificará de cero a tres puntos, será necesario acadar como mínimo unha puntuación de un con cinco puntos para superala.

TEMARIO

1. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais.
2. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.
3. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.
4. Lei de coordinación das policía locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.
5. A actividade da policía local como policía administrativa
I: consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.
6. A actividade da policía local como policía administrativa
II: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.
7. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices.
8. Delitos contra a seguranza viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos de motor. Lesións e danos imprudentes.
9. Lei de seguranza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.
10. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguranza.
11. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade. Carencia do seguro obrigatorio.
12. A policía como servizo público. A policía local como policía de proximidade e de servizo. O auxiliar de policía e as súas funcións. Responsabilidades do auxiliar de policía.

RELACIÓN DE APROBADOS

Establecida a puntuación final de cada aspirante, elaborárase unha listaxe destes/as baseándose na súa puntuación e por orde decrecente, resultando aprobados/as os/as que, tendo en conta o número de prazas, obtivesen as notas máis altas.

CURSO DE FORMACIÓN

Os/as aspirantes que superasen o proceso de preselección deberán participar nun curso de formación que desenvolverá a Academia Galega de Seguridade Pública na segunda quincena do mes de maio de cada ano. Aqueles/as que xa tivesen participado e obtivesen certificado de asistencia ao dito curso, estarán exentos/as desta obriga por un período de catro anos, de acordo co previsto no artigo 48.2.º do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de coordinación de policía locais.

TRIBUNAL

5 membros:

Presidente, 3 vocais

Secretario ou persoa en quen delegue

Nomeamento O nomeamento dos/as aspirantes levarao a cabo o alcalde-presidente vista a proposta do tribunal e logo de realizar o curso na Academia Galega de Seguridade, se non o tivese.

Incorporación ao Servizo Oportunamente comunicaráselles aos seleccionados a data para o inicio dos servizos.

O Grove, a 8 de abril do 2011

O alcalde

José Antonio Cacabelos Rico